

RESOLUCIÓN do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 12 de novembro de 2024 para cualificar o proceso selectivo indicado ut supra, unha vez estudadas as alegacións presentadas nos tres días hábiles seguintes ao primeiro exercicio, e cualificados os exames realizados en consecuencia, ao abeiro do estipulado na base 6.1.1., adoptou os seguintes acordos, dos que se da traslado por esta resolución:

Primeiro: CORRIXIR as respostas indicadas como correctas na plantilla publicada o 13/01/2025, de xeito que as respostas correctas das preguntas 21 e 84, pasan a ser a a) e a d) respectivamente.

Segundo: ANULAR, en base ás alegacións formuladas, as preguntas seguintes:

- Pregunta nº 10, anúlase. Entra en cómputo a pregunta nº 101.
- Pregunta nº 26, anúlase. Entra en cómputo a pregunta nº 102.
- Pregunta nº 38, anúlase. Entra en cómputo a pregunta nº 103.
- Pregunta nº 66, anúlase. Entra en cómputo a pregunta nº 104.
- Pregunta nº 81, anúlase. Entra en cómputo a pregunta nº 105.
- Pregunta nº 87, anúlase.
- Pregunta nº 88, anúlase.
- Pregunta nº 94, anúlase.
- Pregunta nº 95, anúlase.
- Pregunta nº 96, anúlase.

Terceiro: rexeitar o resto de alegacións presentadas polos motivos que se indicarán aos alegantes na notificación que se lles remitirá en tempo e forma.

Cuarto: Publicar a plantilla de respostas correctas corrixidas eliminando as preguntas anuladas (ANEXO I)

Quinto: Non habendo suficientes preguntas de substitución, procede a distribución da totalidade de puntos deste exercicio entre as 95 preguntas que se manteñen.

De conformidade coa base 6.1.1, para superar o exercicio cómpre obter unha puntuación mínima de 25 puntos. Non obstante, ao abeiro do estipulado no penúltimo e último parágrafo da devandita base, ao non acadar na cualificación dos exercicios o número de 100 aspirantes que o superaran co mínimo de 50% de respostas correctas, unha vez feitos os descontos, rebaiouse ao mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos.

Sexto: De conformidade co indicado nas bases da convocatoria do presente proceso selectivo, publícanse en anexo a este acordo as cualificacións dos



aspirantes presentados a este primeiro exercicio por orde de nota, sendo os 100 primeiros marcados como tales os que o superaron, e que, por ende, poden presentarse ao segundo exercicio.(ANEXO II)

Sétimo: As persoas aspirantes dispoñen dun prazo de 10 días hábiles para os efectos de presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas súas puntuacións do exercicio, contados dende o día seguinte á publicación das puntuacións.

Anexo I

Plantilla de respostas correctas primeiro exercicio (tras alegacións)

Anexo II

Cualificacións do primeiro exercicio.-